



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de decembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

10.- RECTIFICACIÓN DE ERRO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2021-2022. Expte. 9195/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 09 de junio de 2022 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2021 - 2022 (expte. 9195/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 390.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 17 de xuño de 2022 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2021-2022. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 21 de xullo e o remate o 11 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 08:00 horas do día 9 de novembro de 2022 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretario.

5. Co fin de valorar a documentación relativa as subvencións que é preciso emendar, a Comisión de Avaliación reúne-se ás 09:00 horas do día 3 de abril de 2023 na planta cuarta do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 20:49	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A646-EB45E9-CED324-9PDB1H-MH1GV2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

Procédese a revisión da documentación presentada pola Asociación Cultural e Deportiva Xestas e compróbase que a entidade cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións solicitadas.

A devandita entidade solicitara, tal e como consta no expediente 9330-335, a subvención da Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas. E dentro desta liña, o punto 2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias. O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar é de DOUS (2). A entidade, solicitara:

- Con data 3 de agosto de 2022 (doc. núm. 220193418) acollerse á subvención dentro da Liña 2.2. Se solicitan o seguintes concepto subvencionable e o seguinte importe:
Programa de actividade XXVII CERTAME DA TORTILLA E CHURRASCO
Presuposto (ive incluído) 1.563,00 €
Importe solicitado 1.172,25 €
- Con data 3 de agosto de 2022 (doc. núm. 220193423) acollerse á subvención dentro da Liña 2.2. Se solicitan o seguintes concepto subvencionable e o seguinte importe:
Programa de actividade FESTA DE SAN XOAN
Presuposto (ive incluído) 1.114,40 €
Importe solicitado 838,805 €

7. Revisada a documentación, advírtese un erro no outorgamento da subvención do ano 2022 á Asociación Cultural e Deportiva Xestas, por canto:

Onde dicía:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €

Debería dicir:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €
9330-335			XXVII Certame da Tortilla e o Churrasco	1.172,25 €

8. No acordo da XGL do 16/12/2022 no que non se incluía este importe de 1.172,25 euros, preveuse un gasto da *Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas*, por un total de 93,183.89 €, polo que este gasto non previsto debe ser aprobado, previa fiscalización da Intervención Municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 20:49	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A646-EB45E9-CED324-9PDB1H-MH1GV2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

9. Con data 12 de abril de 2023 foi emitido pola xefatura de Festas, informe-proposta de retificación do erro advertido.

10. Con data 3 de maio de 2023 a Intervención Xeral municipal devolve o expediente mediante dilixencia na que se require valoración previa da comisión de valoración.

11. O día 5 de maio de 2023 a Comisión de Valoración réunese co seguinte resultado de valoración:

A contía individualizada que lle corresponde á entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS** conforme á Base Décimo Primeira é

Programa de actividade	Puntuación total obtida	Importe por puntos	Presuposto (ive incluído)	75% Presupuesto (ive incluído)	Importe solicitado	Cuantía subvencionable	% subvencionable respecto do solicitado
Festa de San Xoan (xa outorgada)	51	3,409.57 €	1,114.40 €	835.80 €	835.80 €	835,80 €	100.00 %
XXVII Certame Tortilla e Churrasco	61	4,077.85 €	1,563.00 €	1,172.25 €	1,172.25 €	1,172.25 €	100.00 %
TOTAL						2,008.05 €	

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 109 permite ás administracións rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Retificar o acordo da XGL de 13/10/2023, de xeito que, onde dicía:

“SEGUNDO.- Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización da Festa de San Xoán e o XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o **gasto total de 2.008,05 euros** a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 20:49	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A646-EB45E9-CED324-9PDB1H-MH1GV2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

endereço social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.”

debería dicir:

“SEGUNDO.- *Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización do XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.*

TERCEIRO.- *Autorizar e dispoñer o gasto total de 1.172,25 euros a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con endereço social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.”*

SEGUNDO.- Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización do XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o **gasto total de 1.172,25 euros** a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con endereço social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.
V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 20:49	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A1A646-EB45E9-CED324-9PDB1H-MH1GV2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		